

## ESCUDEIRÍA SCRATCH FENE

### PRESENTACIÓN DA CANCIÓN OFICIAL DO 18º SLALOM SCRATCH FENE:

### NA LLAMA con María Kilate e DJ Rokiño

*Dende o pasado mércores 26, xa está aberto o periodo de inscricións*

A celebración da 18ª edición do Slalom Scratch Fene, non so vai significar a maioría de idade para Scratch Fene, senón que tamén, coma todo evento deportivo de primeiro nivel (volta ciclista, mundial de fútbol,...), contará coa súa canción oficial. Deste xeito, a cantante da orquestra Olympus, María Kilate e o DJ Rokiño, uniron o seu temazo de éxito NA LLAMA! á celebración da proba fenesa.

Este tema en galego, con perto de 100k descargas en Youtube, está a converterse nun referente da música emerxente galega, cada vez en máis estilos e con maior éxito, tanto entre os galegos falantes coma no resto de ouvintes noutras linguas.

Con esta incorporación da canción oficial, Scratch Fene volve a innovar dentro do automobilismo deportivo galego facendo algo non feito ate a data. No seu día, Scratch Fene foi pioneira entre outras cousas na celebración dun slalom nocturno, a creación de trofeos coma o feminino ou o de debutantes, a primeira retransmisión por streaming dunha proba da modalidade, a primeira pantalla cós tempos en directo para tódolos afeccionados,... Desta volta, coma todo gran evento deportivo, NA LLAMA servirá para promocionar a proba e o slalom servirá para promocionar a estes grandes artistas.

O 18º Slalom Scratch Fene celebrarase o vindeiro sábado 26 de novembro no polígono industrial de Vilar do Colo, abríndose o periodo de inscricións dende o mércores 26 de outubro ata o luns 21 de novembro ás 20 horas. Desta volta, o circuito emprazarase nunha nova ubicación dentro do polígono e próximo á estación de Salvamento Marítimo, agardando amosar un percorrido aínda máis espectacular, logo de que o establecemento de superficies comerciais nas parcelas polas que discurría anteriormente, fixera imposible continuar nesa ubicación.

O enlace para desfrutar do video clip de NA LLAMA para o 18º Slalom Scratch Fene, é o seguinte: <https://www.youtube.com/watch?v=zD3-jRE8QGM>

Agradecendo de anteman a difusión desta nova, reciba unha fonda aperta.

Dpto prensa Scratch Fene (Édgar 671508162)